



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011  
Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** Aprobación listaxe provisional adxudicación praza na escola infantil municipal "Santiago de la Fuente" para curso 2020-2021

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/000784

#### **ANTECEDENTES:**

**PRIMEIRO.** Vistas as solicitudes de praza para a escola infantil municipal "Santiago de la Fuente" para o curso 2020/2021 e a documentación aportada polos solicitantes.

**SEGUNDO.** Vista a acta da sesión celebrada o día 27/07/2020 pola Comisión de Baremación e selección das solicitudes para optar a praza na escola infantil municipal para o curso escolar 2020/2021.

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

#### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.** Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo con artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a selección inicial proposta pola comisión municipal de baremación para a adxudicación de prazas na escola infantil municipal para o curso escolar 2020-2021

**SEGUNDO.-** Facer pública a relación provisional de persoas admitidas e a lista de espera coas puntuacións obtidas, segundo a anexo desta resolución, e establecer a apertura do prazo de reclamacións de 10 días naturais, posteriores á data de exposición do listado no taboleiro de auncios dos servizos sociais do concello. As reclamacións entenderáanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

**TERCEIRO .-** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa  
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)  
Adrián J. Márquez Caramés



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).